




TAREFAS RECOMENDADAS PARA A SEMANA DO 1 Ó 5 DE XUÑO

Como levamos todo o curso traballando sobre o coidado do medio ambiente, esta semana non podía ser menos, sobre todo tendo en conta que o día 5 de xuño é o "Día Mundial do Medio Ambiente". Por iso as tarefas van estar relacionadas co coidado do mesmo. A que lle apetece converterse en superheroe do medio ambiente?? Pois preparádevos que para comenzar xa tedes que resolver un MISIÓN!!!



MISIÓN DE LECTOESCRITURA:

A misión consiste en **ADIVIÑAR O TÍTULO** dun conto que coñeces todos a través de imaxes, fíxate ben!!




Seguro que o adivináchedes nun plis non? Pois agora **CLICA NO ENLACE** para escoitar o conto!!



<https://youtu.be/9udQo3hHe5M>

Estivestes atentos ó conto? Seguroooo?

Pois a seguinte MISIÓN É **ORDENAR AS SECUENCIAS!!**



1

2

3

Imos con outra MISIÓN que require algo máis de concentración!! estades preparados?

- **ESCRIBINDO CON TAPÓN!!:** recompila pola casa moitos tapóns e crea o título do conto e outras palabras importantes para vós.



Se na casa non atopades tapóns suficientes non pasa nada podedes facelo doutro xeito, escribide en cada tapón unha letra e compoñedes así o título.



Xa que estades tan concienciados co coidado do noso planeta e como sei que vos gusta xogar no ordenador propóño-vos axudar a un superheroe da reciclaxe que ten mooiitooo choio!! .

MISIÓN TIC



CLICA NO ENLACE E AXUDA A ESTE HEROE !

<https://www.cokitos.com/juego-heroe-del-reciclaje/play/>

MISIÓN MATEMÁTICA:

Sabedes que hai un superheroe que se chama "LA MOLE"? e sabedes porqué? Pois porque está feito de pedras. Esta MISIÓN que vos propoño ten moito que ver con el, que tedes que facer? Agora que podedes saír a pasear ides ir recolectando pedras. A tarefa vai consistir en...



CREAR TORRES DE PEDRAS TAN FORTES E ROBUSTAS COMO A "MOLE", podedes aproveitar os vosos paseos polo monte, río ou incluso se ides á praia podedes facer as alí as vosas torres.



Que o queredes complicar máis? Pois levade un



e xogade a ir sumando pedras á torre a ver ata onde chegades coas vosas torres!!!

E despois de tanto traballar xa son horas de BAILARRR!!

MISIÓN MUSICAL:



Propóñovos que movades moito o esquelete ao compás desta canción coa que de paso repasamos como temos que coidar o noso planeta terra.

<https://youtu.be/jI8VEW12BdI>

E agora tedes que experimentar e **descubrir cantos sons** poden saír dunha **botella de auga** de plástico de 1,5 litros e xa vos adianto que se pode facer máis dun son así que a investigar!!




Bueno eu xa teño ganas de volver a fedellar ehh!! vós non? Pois os superheroeos traballan arreo así que nós imos continuar cun experimento sobre a BASURA, si, si!! tal cual coa basura, estade ben atentos!



MISIÓN CIENTÍFICA: " QUÉ CONTAMINA MÁIS?"

Xa sabedes que non toda a basura é igual, nin todo se tira no mesmo caldeiro do lixo, lembrádesvos que na escola tiñamos tres contenedores? Un verde, un amarelo e un azul e...que tirabamos en cada un? Vouvos axudar un pouco, aínda que creo que non vos fará falta porque xa sodes un expertos!



Agora que xa refrescamos a memoria imos aló coa MISIÓN!

MATERIAL QUE PRECISADES:

- 3 platos ou bandexas de cartón (como por exemplo as bandexas brancas nas que ven envasada a carne, reutilizade material que teñades pola casa).

-1 folio


- 3 desperdicios

CÓMO FACER?:

Primeiramente debes coller un desperdicio de cada colector (un do verde por exemplo unha tona de plátano, do amarelo un bote de iogur e do azul un trozo de papel). Unha vez que xa tendes os desperdicios seleccionados colocades cada un nunha bandexa e se queredes podedes facerlle un cartel. E deixádelos pousados nunha mesa, nunha ventana,... onde vos deixen papá e mamá.

En segundo lugar no folio rexistrade as vosas hipóteses ¿ que vai pasar?

E agora queda o máis complicado, **esperar 5 días!!!**




Pasados os días miraredes que pasou cos desperdicios e rexistraredes se están igual, se cambiaron de cor,...De este xeito poderedes comprobar cal é o desperdicio que máis contamina.

Neste enlace descubrirédes canto tarda en descopoñerse os distintos tipos de basura

<https://youtu.be/-pCLpIXMZbQ>

Para resolver o a próxima MISIÓN tedes que antes resolver esta ADIVIÑA!!



PISTA!!

COMENZA POR ...

BRAZA _____



Agora que xa resolvestes a adiviña atentos á **MISIÓN ARTÍSTICA**

BRAZALETES DE SUPERHEROES: tan só precisas 2 rolos de papel hixiénico, témperas ou rotuladores, brillantina e papeles de cores e moita imaxinación!! Deseña os teus superbrazaletes con poderes para coidar o medio ambiente!! Déixovos algunhas fotos para dar ideas pero estou segura de que van ser moito máis chulos os que ides facer vós! Podedes incluso poñer algún motivo relacionado co medio ambiente.



Bueno xa está ben de tanto traballar que para poder rematar a semana con forzas outra das nosas misións é alimentarnos ben!! Así que o capitán verdemán nos invita a cociñar!!

MISIÓN DE COCIÑA:



Esta semana o capitán verdemán nos manda cociñar unha sanísima e riquísima ensalada así que tomade nota!

**ENSALADA
VERDEMÁNII**

ENSALADA VERDEMÁN

INGREDIENTES:

- LEITUGA
 - TOMATE
 - CENORIA
 - ESPINACAS
 - OVO COCIDO
 - ATÚN
 - QUEIXO
 - MILLO
- SAL
 - ACEITE
 - VINAGRE

**AGÁS A LEITUGA PODEDES
MODIFICAR OS INGREDIENTES
AO VOSO GUSTO**



ELABORACION:

1. LAVAR MOI BEN OS INGREDIENTES E PELAR OS QUE FAGA FALTA.

2. TROCEALOS E METELOS NUN BOL.

3 BOTARLLE SAL, ACEITE E VINAGRE AO GUSTO

4. ADORNARLA CON ALGÚN DOS INGREDIENTES

E... LISTA PARA COMER!!

BÓ PROVEITO!!

E despois de repoñer forzas coa suxerencia do chef CAPITÁN VERDEMÁN!
propóñovos agora a derradeira misión!!



MISIÓN DE MOTRICIDADE:

Preparade os vosos brazaletes e superpoderes porque esta MISIÓN require certas habilidades que só uns superheroes coma vós van poder facer!!

A MISIÓN IMPOSIBLE é... **LABIRINTO LÁSER!!**

Qué precisades? Dispoñer de papel hixiénico (ou outro papel ou cinta similar), cinta de carroceiro (a que empregan os pintores) e dun pasillo da casa

Qué hai que facer? Pois papá ou mamá terán que facer ir pegando tiras de papel na parede do pasillo de forma que vaian construíndo un labirinto, iso sí os superheroes non o poden ver!! Unha vez que o labirinto esté rematado colocarán en distintas zonas do chan algún desperdicio que os superheroes do medio ambiente deberán recoller de paso que van sorteando o labirinto!!



De tódolos xeitos adxunto este enlace para que vos orientedes mellor
<https://youtu.be/zyF8IBVe7uA>

ESPERO QUE VOS GUSTEN AS PROPOSTAS E QUE DISFRUTES CON ELAS EN FAMILIA!!